

ANTÓN VILLAR PONTE: O INICIADOR DAS IRMANDADES DA FALA

Emilio Xosé Insua

Antón Villar Ponte (1881-1936) ten un papel decisivo na Galiza do primeiro terzo do século XX, pois desprega simultaneamente varias facetas que terán grande incidencia política, social e cultural. Foi a súa, efectivamente, unha personalidade polifacética, relevante e activísima, que laborou e influíu arreo desde a prensa, desde a política, desde diversas institucións e entidades culturais ou desde o propio teatro para a exposición, divulgación e defensa dun ideario galeguista de corte progresista e republicano, verdadeiro *leit motiv* da súa vida.

En primeiro termo, foi promotor e activista das Irmandades da Fala (1916-1931), unha entidade cívico-política que muda substancialmente para mellor o panorama da lingua e da cultura galega desa época e que propicia, ademais, a aparición e definición do nacionalismo político galego contemporáneo. Republicano na súa mocidade e deputado da ORGA nas Constituíntes de 1931, defendeu con entusiasmo a causa da Autonomía galega e ingresou en 1934 no PG. Nas súas fileiras sería de novo elixido deputado dentro das candidaturas da Frente Popular nos comicios de febreiro de 1936, poucos días antes de morrer.

En segundo termo, fixo unha achega fundamental para o desenvolvemento e renovación estética do teatro galego do seu tempo, colaborando coa Escola Rexional de Declamación, impulsando o Conservatorio Nazonal da Irmandade coruñesa, escribindo unha considerábel cantidade de textos orixinais (*A patria do labrego, Entre dous abismos, Almas mortas, O Mariscal* - en colaboración con Cabanillas -, *Os mártires, Os evanxeos da risa absoluta, Nouturnio de medo e morte, A festa da malla...*), prologando pezas doutros moitos autores (Charlón e Hermida, Porto Rei, Pérez Parallé...) e traducindo para galego obras da dramática universal, desde Aristófanes a Shakespeare, pasando por Strindberg, Molière e varios dramaturgos cataláns (Rusiñol, Guimerá, Ignaci Iglèsias).

En terceiro termo, foi probabelmente o xornalista galego máis importante e influínte do seu tempo, non só por promover cando mozo algunhas revistas (*¡Guau... Guau!, Alma Gallega...*) senón, sobre todo, por exercer como director dos emblemáticos *A Nosa Terra* e *El Noroeste* e polo feito de dispor de seccións fixas nalgúns dos máis importantes diarios galegos de entón, como *La Voz de Galicia*, o ferrolán *El Correo Gallego*, o ourensán *La Zarpa*, o *Galicia* de Vigo e *El Pueblo Gallego*, sen esquecermos a súa constante presenza na prensa galega da emigración, nas máis importantes revistas culturais do momento (*Nós, Alfar, Ronsel*, etc.) e mesmo nalgún importante xornal madrileño, caso de *El Sol*. Desde a prensa, cos seus artigos de opinión, o de Viveiro defendeu decote o idioma, animou empresas colectivas de todo tipo en beneficio do país, frustrigou os males da sociedade e atacou o caciquismo, o centralismo e o reaccionarismo.

Finalmente, tivo parte en numerosos organismos e entidades de carácter cultural (Academia Galega, Seminario de Estudos Galegos, Reunión de Artesáns e Universidade Popular coruñesas, Asociación de Escritores Galegos...), facéndose un referente imprescindible para a comprensión do que se ten chamado algunha vez o “Segundo Rexurdimento” galego.

Antón Villar Ponte nace en Viveiro o 2 de outubro de 1881 e falece na Coruña o 4 de marzo de 1936.

Seu pai, Ponciano Villar Bermúdez (1842-1914), era *indiano* rico e participaba na política local no bando conservador, mentres que súa nai, Melchora Ponte Peña (1852-1897), muller moi devota, era unhas das tres fillas (canda Clementina e Celia) do derradeiro médico das fábricas de Sargadelos, José M^a Ponte.

Antón foi o segundo dos cinco fillos do casal, en tanto Ramón (1891-1953) foi o cuarto. Moi novos morreron vítimas da tise, como a propia nai Melchora, o máis vello dos irmáns, José Faustino (1880-1904), María de la Consolación (1884-1906) e M^a de la Natividad Jesusa (1892-1904).

Comezou os seus estudos no Colexio Insigne de Viveiro, tendo como mestre ao subdiácono e xornalista vocacional Jesús Noya González, con quen moi axiña protagonizará non obstante acesas polémicas doutrinarias na prensa local, e fixo logo os cursos do bacharelato en dous institutos: o de Lugo (examinándose por libre) e o de Compostela (como alumno oficial). Obtivo o título o 26 de xuño de 1896. Ese mesmo ano comezaría os estudos de Farmacia, que cursaría sen demasiada brillantez, aínda que obtería finalmente o título de farmacéutico en novembro do 1900.

O seu despertar vocacional político e xornalístico foi moi temperán e nel tivo moito a ver seu irmán máis vello, José Faustino. Da súa man, Antón participou nas mobilizacións estudantís de 1899 contra o proxecto ministerial de suprimir a Facultade de Dereito e a Escola de Veterinaria en Compostela, deu algún mitin na compañía de elementos socialistas composteláns e moi axiña promoveu en Viveiro, en 1899, a constitución do colectivo republicano “Germinal”, que poñerá na rúa o semanario *Nueva Brisa*, de curta existencia (16 números en dous meses e medio). No seu primeiro artigo, publicado nesas páxinas precisamente, Antón alentaría unha folga de obreiros das minas da Silvarosa en protesta pola redución dos seus salarios. Tamén participará en 1901 nunha Comisión pro-traslado dos restos do poeta Pastor Díaz á vila do Landrove.

Establecido como boticario en Foz, desde a primavera de 1901, Antón envía colaboracións xornalísticas e algunhas literarias (poemas e contos, maiormente en español) a diarios como *El Vivariense*, *La Voz de Galicia*, *El Norte de Galicia* e *La Idea Moderna*, ao republicano *El Combate* e ao seu sucesor *Tierra Gallega*, e tamén á rexionalista *Revista Gallega* de Galo Salinas, onde propón en xaneiro de 1905, pero sen eco, a fundación dunha liga de defensores do idioma galego.

Na súa farmacia de Foz, Antón Villar Ponte fai tertulia co poeta e mestre Antón Noriega Varela e co inspector de Aduanas Camilo Cela, pai do autor de *La colmena*. Con eles promove os xornais festivo-satíricos *El Automóvil* (xullo de 1903) e *¡Guau...Guau!* (maio a novembro de 1906). Tamén fai parte do Comité Republicano que preside en Mondoñedo o poeta e médico Leiras Pulpeiro, figura que ten moito a ver co seu proceso de evolución cara ao galeguismo, aínda que nesa altura non manifeste simpatía ningunha pola Academia Galega que preside Murguía nin polo movemento da “Solidaridad Gallega”, ao que combate abertamente como militante do sector filolerrouxista da Unión Republicana desde o coruñés *Tierra Gallega*. Tamén como xoven promesa da nova xeración republicanista intervén en actos e mitins en diversas localidades: A Coruña, Lugo, Viveiro, Mondoñedo, A Veiga...

É tamén no seu período focego cando emprende a confección de dúas pezas teatrais “de tese”, unha en español, *El peso de una ley*, estrenada en Viveiro (1902) e en Lugo (1904), pero hoxe perdida, en que combatía o sistema de “redención a metálico” do servizo de armas, e outra en galego, *A patria do labrego*, de contido anticaciquil e favorábel á emigración como saída liberadora, imprentada en Luarca en 1905 e enviada á Escola Rexional de Declamación de Lugrís Freire e

Bernardo Jambrina na Coruña para unha posible representación que, finalmente, non se realizou por mor da desfeita da propia Escola. Antón tamén achega para ese elenco varias traducións galegas de pezas do teatro catalán coetáneo como *El Místico*, de Santiago Rusiñol, *Terra baixa*, de Guimerá e *Els Vells*, de Ignaci Iglésias, traducións hoxe infelizmente non conservadas.

Tras breves estadías en Madrid en 1904 e 1905, nas que tentou sen éxito ficar como xornalista da prensa republicana ensinando cartas de recomendación a Nicolás Salmerón, Antón Villar Ponte acabou fechando a súa botica de Foz en 1907 e probou de novo sorte como xornalista na capital hispana, desta volta como redactor de *El País*, que dirixía Roberto Castrovido. Tampouco tivo éxito desta volta, o que determinou o seu regreso provisorio ao Viveiro natal no verán de 1907, onde colaborou co quincenario republicano *Germinal* e, tras unha seria discusión con seu pai Ponciano, a súa marcha a Cuba.

O período cubano da súa biografía abrangue desde maio de 1908 ata xullo de 1910. É agora cando coñece á súa futura esposa Micaela Chao Maciñeira, con quen comparte plantel no cadro de declamación Rosalia de Castro, que el propio dirixe. En Cuba participa na posta en marcha da sociedade “Vivero y su Comarca”, organiza cos agrarios actos de protesta pola matanza de Oseira, enfróntase en duelo a outros xornalistas (Wifredo Fernández, Juan Antonio Pumariega...) e colabora ademais coa revista *Follas Novas* e co *Diario Español*, de Adelardo Novo. O enfrontamento con este xornalista ferrolán determina a súa caída en desgraza e a súa marcha á periférica Camagüey, onde exerce como director de *El Comercio* e promove, sen demasiado éxito, publicacións como a revista satírica *Don Pancho*, o vespertino *El Resumen* e a revista *Alma Gallega*, da que só saírían finalmente dous números (febreiro e marzo de 1910) mais onde comeza a explicitar xa a súa identificación plena e rotunda co rexionalismo galego.

O regreso desde Cuba non será, con todo, o dun fracasado, pois Antón trae consigo os nomeamentos como correspondente peninsular do *Diario de la Marina* habaneiro e de *La Correspondencia*, de Cienfuegos, respectivamente. Eses nomeamentos e a recomendación con que o favorece un tío materno da súa prometida Micaela, Federico Maciñeira, serviranlle de chave de acceso para entrar na redacción de *La Voz de Galicia*, xornal coruñés que o envía como correspondente a Portugal en decembro de 1910. A estadía no país irmán resulta un chanzo máis na configuración do seu pensamento reivindicativo a prol do idioma galego e por iso comezan a aparecer na súa sección “Con letra del siete” no citado diario herculino, no “Decenario Gallego” do *Diario de la Marina* e aínda noutros xornais coruñeses como o semanario *El Ciudadano* e o satírico *El Pirulí*, con especial intensidade a partir de 1914, artigos en que proclama a necesidade de poñer fin ás marxinationes que padecía o galego en diversas áreas da sociedade: “Por nuestro renacimiento literario” (7.4.1914), “El gallego no debe morir” (9.4.1914), “Lo real inverosímil” (29.4.1915), “Por Cataluña y por Galicia” (11.12.1915), etc.

Por esta época, Antón Villar Ponte contrae matrimonio con Micaela Chao Maciñeira na Coruña, concretamente o 26 de abril de 1913. Ambos cónxuxes teñen 31 anos. Deste matrimonio naceron dous fillos, Antonio e Carme. O primeiro, que faleceu en EE.UU. no ano 2000 despois de residir moitos anos en Venezuela, chegou a ser célebre na mocidade como futbolista do Deportivo, co sobrenome de *Tonecho*. Carme Villar Chao, pola súa banda, é a *Meliña Villar* a quen Ramón Cabanillas dedica un poema na revista *As Roladas*, en xullo de 1922. Morrería con vinte e poucos anos, vítima da tise. A esposa de Villar Ponte, única muller presente no acto fundacional das Irmandades, falecería o 27 de novembro de 1928.

As reivindicacións idiomáticas de Antón Villar Ponte acharon eco en diversas individualidades (Porteiro Garea, Xaime Quintanilla, Lois Peña Novo...), na vella garda rexionalista que acompañaba a Murguía na Academia (Lugrís Freire, Eugenio Carré, Florencio Vaamonde...) e

mais no núcleo de intelectuais que promovían en Madrid a revista *Estudios Gallegos* (Aurelio Ribalta, Rodrigo Sanz...). Da conxunción destes tres segmentos nacerán as Irmandades da Fala.

Antón resulta elixido Conselleiro Primeiro da Irmandade máis nova, a da Coruña, que se constitúe nos locais da Academia Galega o 18 de maio de 1916. Edita entón o folleto *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*, que coñece dúas edicións consecutivas en moi breve tempo. Tamén xoga un papel relevante na posta en marcha, en novembro dese ano, do boletín *A Nosa Terra*, que dirixirá ata xaneiro de 1922. Para este boletín confeccionará numerosos artigos emblemáticos (“A bandeira ergueita”, “A brosa de tres fíos”, “Non esquezamos a nosa historia”, “Carta aberta á Condessa de Pardo Bazán”, “Gurgullas do espírito”, “Esencias do idearium galeguista”...); publicará en folletín o ensaio *Ramón Cabanillas, poeta da Raza* e ocuparase de varias seccións (“Breviario”, “Follas novas”, “Peneirando”), imprimíndolle unha liña nacionalista e polemista moi clara. Ao mesmo tempo, desde un monolingüismo absoluto e coherente, *A Nosa Terra* actuará como *idearium*, facendo bandeira da dignificación, defensa e promoción do galego; abrindo o debate sobre a súa estandarización; ofrecendo canles para as creacións literarias orixinais e as traducións para o galego dunha longa nómina de autores; e, finalmente, emprestando atención e arroupando todo tipo de manifestacións culturais (teatro, pintura, música...).

O rol de Antón Villar Ponte nas Irmandades é moi relevante e decisivo, cando menos ata a ruptura destas, que se produce na IV Asemblea, celebrada en Monforte en febreiro de 1922. O seu activismo tradúcese na confección de innumerables artigos para a prensa explicando os porqués do novo movemento (artigos como “O separatismo está en Castela”, a serie “Discursos á nazón galega”, “A escravitude da nosa terra. Galicia peor tratada que unha colonia de negros”, “Pangaleguismo. O camiño dereito”, “Patriotismo esencial. Fora todos os vellos políticos”, “A derradeira farsada eleitoral. Galicia seguirá sendo colonia do centralismo”, etc.); na participación en moitos mitins e conferencias; no contacto cos líderes do catalanismo para tecer alianzas de cara ás lexislativas de febreiro de 1918; na súa atribulada experiencia como director do diario *El Noroeste* entre febreiro e setembro de 1918; no esforzo constante de espallamento das Irmandades a outras moitas localidades mediante cartas e mitins, etc.

De grande importancia é a súa achega ao Conservatorio Nacional da Arte Galega que promoveu a Irmandade coruñesa entre 1918 e 1921, mediante a confección, edición e estrea de varias pezas teatrais como a farsada granguñolesca *Entre dous abismos* (1920), a peza de tese sobre as consecuencias da emigración e crítica co papel dos “indianos” *Almas mortas* (1922) e a traxedia histórico-lexendaria sobre a prisión e morte de Pedro Pardo de Cela no século XV *O Mariscal* (1926), esta última en colaboración con Ramón Cabanillas e que coñecería posteriormente (1929) unha versión operística da man de Eduardo Rodríguez Losada. Tamén traduciu Antón Villar Ponte obras da dramaturxia universal como *O pai*, do sueco Strindberg; *As alegres comadres de Windsor*, de Shakespeare (estreada en febreiro de 1920 co título de *Xan entre elas*); *O avarento*, de Molière ou, finalmente, *Lysístrata*, de Aristófanes. Cómpre citar aquí, igualmente, o seu prólogo aos “parrafeos” *Mal de moitos* e *Trato a cegas* de Euxenio Charlón e Manuel Hermida.

Antón impulsa a ruptura co rexionalismo tras o fracaso electoral de febreiro de 1918 e participa plenamente na definición nacionalista das Irmandades que se aproba no Manifesto da Asemblea de Lugo (novembro de 1918). Tamén se candidata, aínda que sen éxito, nas municipais coruñesas de 1921, nas que obtén asento no Concello o avogado Lois Peña Novo, primeiro en empregar o idioma galego nesa institución.

Destacábel é a constante presenza de Antón nesta época en publicacións da colonia galega en América, como os decenarios *El Eco de Galicia* e *Heraldo de Galicia*, de La Habana; os voceiros da “Xuntanza Nazonalista Galega d’Habana” *Nós* e *Terra Gallega*; o boletín *Acción Gallega* da Casa

Galicia de Buenos Aires; o mensual *El Despertar Gallego*, voceiro da Federación de Sociedades Galegas na Arxentina ou as revistas *Céltiga* e *Terra*, tamén editadas na capital porteña. Para *Del Arte Gallego* (1917) de Alejandro Barreiro escribiu un texto en que combatía o preconceito da imposibilidade dunha escola pictórica galega de calidade e atacaba o afán mimético e o desleigo idiomático das clases altas do país. Tamén prologou a novela curta *O deputado por Veiramar* (1919), do muxián Gonzalo López Abente, que inaugurou unha efémera Biblioteca Galeguista da Irmandade coruñesa; o volume *A través de Galicia* (1922), do escritor valenciano Daniel Martínez Ferrando e o *Idearium regionalista* (1924), do betanceiro José García Acuña.

Seducido paulatinamente, porén, polas posicións de Vicente Risco (absentismo electoral, pureza doutrinaria, illamento a respecto das demais forzas, concepción elitista do movemento...), Antón entra en conflito coa súa propia Irmandade, a coruñesa, que acabará por relegalo da directiva do agrupamento en favor de Peña Novo e Xoán V. Viqueira e por cesalo na dirección do boletín *A Nosa Terra*, o 7 de xaneiro de 1922. Na Asemblea de Monforte, Antón fica coa ING risquiada. Nese contexto, alenta algúns dos contidos críticos máis explícitos contra un segmento das Irmandades que se deitan nas liñas do manifesto *Máis alá!*, de Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio, e publica traballos en *Rexurdimento*, de Betanzos, *La Zarpa*, de Ourense e *Galicia*, de Vigo, de fondo e radical contido político que o sitúan nunha liña moi próxima do “arredismo”, co referente da loita irlandesa como modelo máis ou menos explícito.

Tamén é Antón asiduo colaborador do boletín *Nós*, fundado en outubro de 1920 e dirixido por Risco, con traballos como “Da paisaxe e a pintura en Galizia”, unha tradución para galego da peza *Kathleen Ni Houlihan*, do irlandés William B. Yeats ou “A cantiga do fento”. Comparece, así mesmo, na revista infantil *As Roladas*, animada en Madrid por Cabanillas; na revista pontevedresa *Alborada*, co artigo “Os esteos da nazionalidade” e nas coruñesas *Gráfica* e *Alfar*.

Delegado e líder da ING na Coruña, tras proclamarse en setembro 1923 a ditadura de Primo de Rivera Antón Villar Ponte acepta un posto de concelleiro en febreiro de 1924, se ben é certo que permanece nel unicamente durante un mes. Comeza entón unha rectificación da súa traxectoria anterior. En numerosos artigos que ven lume nos xornais vigueses *Galicia* e, desde febreiro de 1926, en *El Pueblo Gallego* e no madrileño *El Sol*, o de Viveiro multiplica as súas críticas á ditadura, aos seus prebostes e ao monarquismo unitarista e reaccionario que a sustenta ideoloxicamente, o que lle custará dar cos seus ósos na cadea en cando menos dúas ocasións: a primeira, en maio de 1926, por mor da publicación dun artigo crítico coa proposta de nomeamento de fillo predilecto da Galiza para o entón ministro de Facenda, Calvo Sotelo; a segunda, desde o 15 ao 29 de xaneiro de 1927 pola publicación no xornal cubano *La Correspondencia* dun artigo intitulado “La extraña unanimidad” (30.11.1926), en que poñía en solfa a política do Directorio primorriverista. Os problemas coa censura son para o xornalista viveirense nestes anos pan de cada día.

En 1925 Antón promove, aínda que sen éxito, a constitución dun Partido Liberal Autonomista Galego que servise para reflotar os restos do naufraxio galeguista (desfeita da ING) e, desde 1926 cando menos, colabora activamente coa Alianza Republicana. En claro desafío á ditadura, redixe en *El Pueblo Gallego*, a carón de seccións en castelán como “Galerías”, “Pretextos cotidianos” e “Temas de interés”, outra en idioma galego, co título de “Exemplos”, que vehiculiza unha constante e ben argumentada reivindicación da dignidade e da valía cultural da lingua de noso.

En paralelo, publica no folletón do *Galicia* de Vigo o seu breve ensaio *A Libertade e a Beleza* (1925) e para a madrileña *Hispania* (1925) prepara dous ensaios reivindicadores da modernidade da nosa cultura: “La poesía gallega en la actualidad” e “Apuntes para la historia de la pintura gallega”. Idéntica intención tivera o seu artigo “La tradition du pays de Galice et sa culture”, publicado en 1924 na revista parisina *L'Europe Nouvelle*. Tamén ve subir a escena en maio de 1926, da man do coro

Saudade da Coruña e con música de Mauricio Farto, o seu romance de costumes montañesas *A pobriña está xorda*, inspirado no coñecido texto de Rosalía. Dous anos despois a editorial Nós tira do prelo o volume *Tríptico teatral*, que recompila as súas pezas *A patria d'o labrego*, *Almas mortas* e *Entre dous abismos*. Prologa igualmente a peza teatral *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rei, o libro de relatos *Abellas de ouro*, de Xosé Lesta Meis e achega un texto literario ao volume *Gravados en linóleo*, do artista valdeorrés Xaime Prada.

Nos anos da ditadura primorriverista, Antón arroupa desde as columnas de prensa os traballos do Seminario de Estudos Galegos, colabora coas actividades da Academia Galega, preside durante un tempo a Reunión de Artesáns herculina, impulsa na mesma cidade un Ateneo e unha Universidade Popular, colabora cos coros Saudade e Cántigas da Terra, prepara unha edición da obra poética de Leiras Pulpeiro para a editora Nós e alenta a constitución dunha Asociación de Escritores Galegos (1930), da que será vicepresidente primeiro.

Loxicamente, a súa sinatura non falta na pléiade de efémeros xornais republicanistas que xorden á calor da loita contra o Borbón en diversas cidades galegas, xa na chamada “Dictablanda”. Colabora así na *Gaceta de Galicia*, de Vigo; no xornal coruñés *Adelante*; nos xornais *Ahora* e *Guión*, editados en Lugo... e xoga un papel director, xunto con Ánxel Casal, na efémera aventura, entre febreiro e marzo de 1930, do vespertino coruñés *El Momento*, voceiro oficioso do sector nacionalista da ORGA que, no entanto, non pasou dos catorce números por problemas de financiamento e censura.

En chave galeguista e republicana, precisamente, é Antón dos que alentan desde 1929, canda Casares Quiroga, a constitución dunha nova forza coa que encarar os estertores da Ditadura, a O.R.G.A. (Organización Republicana Gallega Autónoma), que participará no chamado “Pacto de San Sebastián”. Outros sectores do galeguismo, porén, deciden na VI Asemblea (abril de 1930) non apoiar esta táctica e lanzarase a constituír unha miríade de pequenos agrupamentos locais que só darán confluído no Partido Galeguista en decembro de 1931, cando xa se proclamara a 2ª República, xa se celebraran os comicios lexislativos e xa se debatera e aprobara a propia Constitución republicana.

Precisamente nesas eleccións Constituíntes da 2ª República (28.6.1931), Antón foi electo deputado da O.R.G.A. pola circunscrición da Coruña (sexto candidato máis votado) e chegou a desempeñar por breve tempo, ata xaneiro de 1932, o cargo de voceiro da minoría galega no Parlamento. Foi, ademais, o principal impulsor dunha Asemblea pro-Estatuto que se celebrou na Coruña o 4 de xuño de 1931, punto de partida dun tortuoso proceso autonómico galego que só culminaría o 28 de xuño de 1936 cun plebiscito cuxo resultado axiña sería afogado polas armas.

A deriva antiautonomista do sector maioritario da O.R.G.A., liderado por Casares Quiroga, ao longo do chamado “bienio reformista” converteu ao de Viveiro nun refén das propias siglas e, en consecuencia, nun deputado pouco activo, aínda que non faltaron brillantes discursos seus desde a tribuna, como o pronunciado en maio de 1933 sobre as consecuencias nefastas para a economía galega da aplicación do chamado Tratado do Uruguai (importación de carnes conxeladas). Nas eleccións de novembro de 1933 foi excluído a última hora da candidatura do P.R.G. de Casares Quiroga e, visto o resultado catastrófico para os republicanos de esquerda e para os galeguistas nesos comicios, decidiu ingresar en febreiro de 1934 nas fileiras do PG, onde Castelao o acolleu cun garimoso artigo nas planas de *A Nosa Terra*, intitulado “No retorno de Antón Vilar Ponte”.

É nesta época cando Antón ingresa na Academia Galega (24.7.1934) co seu discurso *O sentimento liberal na Galiza*, respostado por Otero Pedraio, e cando confecciona e publica as pezas teatrais *Os evanxeos da risa absoluta* (1934) e *Nouturnio de medo e morte* (1935). Tamén escribe os

prólogos da peza *Pepa Andrea* (1933), de *Pedro Guimarey* (Pérez Parallé) e do ensaio *Ribadeo antigo* (1933), de Francisco Lanza, respectivamente, e está presente cun texto evocativo no *Álbum de Viveiro* (1934), volume preparado polo pintor e fotógrafo Fermín González Prieto *Lander* como peza clave na promoción turística desa localidade. Para o coro ferrolán Toxos e Froles e con música de Fernández Amor escribe, igualmente, *A festa da malla* (editada en 1997 por Dolores Vilavedra e Noemí Pazó).

Estivo presente Villar Ponte, ademais, no período republicano, en diversas homenaxes a figuras como Castelao, Federico Maciñeira e Cecilio Bedia de la Caballería, nos labores previos á constitución dunha nova Asociación de Escritores de Galicia e participou nos actos de inauguración do monumento a Curros na Coruña e nas celebracións dos centenarios de Murguía e Pondal. En setembro de 1934 recibiu el propio unha homenaxe no seu Viveiro natal.

Deixou inacabadas, cando menos, dúas pezas de teatro histórico: *Os Mártires*, editada por Vázquez Souza en 2001, que xira tematicamente arredor da figura de Xoana de Vega e dos sucesos da revolución galega de 1846, a dos mártires de Carral, e outra sen título provisorio sequera que recrearía a peripecia biográfico-política de dúas figuras emblemáticas do liberalismo galego de comezos do século XIX, Porlier e Sinforiano López, ambas vítimas finalmente da reacción absolutista. Tamén non concluíu un folk-drama de ambiente mariuñeiro intitulado *Os camiños innumerábeis*, nin unha tradución de *Riders to the Sea*, de John M. Synge, que emprendera en colaboración con Plácido Ramón Castro, nin unha colectánea de ensaios e artigos que se ía titular *Teas de araña* nin os traballos “Introducción a un ensayo sobre la importancia de las lenguas vernáculas” e “Introducción a un ensayo sobre la niñez y el niño”.

No período republicano, a pluma xornalística de Antón foi verdadeiramente prolífica incansábel na confección de centos de artigos de corte autonomista, republicanista, galeguista e anticaciquil, tanto en *El Pueblo Gallego* como en *A Nosa Terra*, como, desde 1933, de novo en *La Voz de Galicia*, aquí baixo o pseudónimo SIL. Candidato galeguista nas lexislativas de febreiro de 1936 dentro da Frente Popular pola circunscrición coruñesa, resultou electo, mais apenas uns días despois dos comicios e sen tomar posesión do seu escano morrería na Coruña dunha perforación gástrica. Seu irmán Ramón e a súa cuñada Teresa Chao Maciñeira faríanse cargo dos dous orfos que deixaba e polo país adiante non deixarían de sucederse as iniciativas de homenaxe na súa honra, alentadas polo galeguismo e polo republicanismo de esquerdas, ata o mesmo día en que estourou a guerra.

BIBLIOGRAFÍA

AXEITOS, Ricardo: "Verbas violentadas: tres pequenas batallas de Antón Villar Ponte contra o control ideolóxico do discurso público", I e II, *A trabe de ouro*, Santiago, nº 101 (xaneiro-marzo de 2015), pp. 33-45 e nº 102 (abril-xuño de 2015), pp. 13-29.

BARREIROS, Cosme (=FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.): "Antón Villar Ponte e o Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo*, Vigo, 8.5.1977.

BERAMENDI, Justo G.: *De provincia a nación; historia do galeguismo político*, Eds. Xerais, Vigo, 2007.

CARVALHO CALERO, R.: *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984.

CASARES, C.: "Antón Villar Ponte, fundador do galeguismo", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

CORES TRASMONTE, B.: "Tras el 'Día das Letras Galegas'. Villar Ponte y la fundación del nacionalismo gallego", *Tiempo de Historia*, Madrid, nº 27, Xuño de 1977, pp. 70-81.

CUADRIELLO, Jorge D.: "Presencia de Antón Villar Ponte en Cuba", *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, Vigo, xaneiro-febreiro-marzo de 1999, pp. 91-110.

DIESTE, R.: "O sentimento liberal e Antón Vilar Ponte", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

DÓNEGA, M.: "Antón Villar Ponte, as irmandades da fala e o pangaleguismo", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

FERNÁNDEZ, C.: "Na orixe da nova dramaturxia e do teatro galego moderno: *A patria do labrego* (1905), de A. Villar Ponte", in ÁLVAREZ, R. e VILAVEDRA, D. (Coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Tomo II. Literatura*, USC, Dep. de Filoloxía Galega, Santiago, 1999, pp. 457-482.

FERNÁNDEZ CASTRO, X. M.: "Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal* de R. Cabanillas e A. Villar Ponte", *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, Ed. Galaxia, Vigo, 1997, pp. 11-39.

FREIXANES, Víctor F.: "Villar Ponte, xornalista", *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 46-47.

FREIXANES, Víctor F.: "Vento nas velas. Antón Villar Ponte", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 19.7.2003.

GARCÍA, Xosé L. (ed.): *Discursos parlamentarios (1931-1933)*. Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Vilar Ponte, Edicións do Castro, Serie Historia, Sada, 1978.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "O teatro das Irmandades da Fala", en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1996, fascículo 20, pp. 609-640.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "Introdución" en VILLAR PONTE, Antón: *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte*, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, nº 3, A Coruña,

1998.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "Roberto Blanco Torres e Antón Villar Ponte: a camaradaxe de dous xornalistas exemplares", *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, nº 3.139, 14.5.1999.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "Introdución" en VILLAR PONTE, A.: *A patria do labrego / Almas mortas*, Biblioteca 120, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2002.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "Contexto, peripecia e contido de dúas pezas menores do teatro de Antón Villar Ponte: A probiña que está xorda e A festa da malla", *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2002*, Consello da Cultura Galega, Santiago, pp. 45-102.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X. & NUEVO CAL, C.: *O primeiro Antón Villar Ponte*, Fundación Caixa Galicia-El Progreso, Lugo, XVII Premio "Ánxel Fole", 2003.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue*, CILL Ramón Piñeiro, Cadernos nº VII, Santiago, 2004.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: *Sobre 'O Mariscal' de Cabanillas e Villar Ponte*, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado-Universidade da Coruña, A Coruña, 2005.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*, Eds. do Cumio, Vilaboa, 2006.

ÍNSUA LÓPEZ, E. X.: "Antón Villar Ponte", en VV. AA.: *Xornalistas con opinión. 20 biografías*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, pp. 155-195.

ÍNSUA LÓPEZ, E.X.: "O teatro galego desde a estrea de *A fonte do xuramento* ao fatídico 1936", en VIEITES, Manuel F. (coord.): *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego. No aniversario de "A fonte do xuramento"*, Xunta de Galicia/Editorial Galaxia, Vigo, 2007, pp. 67-80.

LUCA DE TENA, G.: "Hai agora 50 anos que morreu. Prometeo Vilar Ponte", *A Nosa Terra*, Vigo, nº 290, 10.4.1986.

MARCO, A.: "Estrela de granito", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1.3.1993.

MARIÑAS DEL VALLE, X.: "Retrato en tres tempos", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

MONTERO SANTALHA, J.-M.: "Vilar Ponte e a reintegraçom lingüística galego-portuguesa", *La Voz de Galicia*, A Coruña, Suplemento Cultura, 3.12.1981.

MONTERROSO DEVESA, X.-M^a: "¿Cara un Museu das Irmandades da Fala?", *El Ideal Gallego*, A Coruña, 12.2.1978.

MONTERROSO DEVESA, X.-M^a: "Lembranza de Antón Vilar Ponte", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 3.10.1981.

MONTERROSO DEVESA, X.-M^a & BERAMENDI, Justo G.: "Villar Ponte, Antón", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXX. VEA-ZURITA, Silverio Cañada (ed.), Xixón, s.d., pp. 136-137.

NAYA PÉREZ, J.: "Lembranza de Antonio Villar Ponte", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

NAYA PÉREZ, J.: "Lembranza de Antonio Villar Ponte", *Revista do Centro Galego*, Barcelona, 1978.

OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Ed. Galaxia, Vigo, Col. Literaria, nº 148, 1997 (1ª ed. en Buenos Aires, 1953).

PIÑEIRO, R.: *Olladas no futuro*, Ed. Galaxia, Vigo, 1974.

PIÑEIRO, R.: "A significación política de Antón Villar Ponte", *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 38-39.

PITA ROMERO, L.: "Día das Letras Galegas. Recuerdo de Villar Ponte", *La Voz de Ortigueira*, Ortigueira, nº 3.177, 20.5.1977 [tomado de *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977].

RABUNHAL CORGO, H.: *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)*, Ed. Laivento, Ensaio, nº 39, Santiago, 1994.

SANMARTÍN REI, G.: *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, Ed. Sotelo Blanco, Col. "Estudios e Investigacións", Santiago, 2002.

SANMARTÍN REI, G.: *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, Ed. Espiral Maior, Col. Universitas, nº 1, A Coruña, 2002.

SEOANE, Luís: "Villar Ponte e a sua tertulia", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

SIGÜENZA, J.: "Escritores Gallegos. Antonio Villar Ponte", *El Despertar Gallego*, Buenos Aires, 19.9.1926.

SOUTELO VÁZQUEZ, R.: "A pegada dos irmáns Vilar Ponte no nacionalismo galego de antes da guerra", *Anuario Brigantino*, Betanzos, nº 24, 2001, pp. 261-281.

SOUTO RUBIÁNS, A. (pseud. De MONTERROSO DEVESA, X.-Mª): "Outeiro de San Xusto. As nosas efemérides/76. Lembranza dun adiantado", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26.12.1976.

SUÁREZ VÁZQUEZ, D.: "As autoridades no *Diccionario Gallego-Castellano* (1913-1928) da Real Academia Galega", en *Cadernos de lingua*, Real Academia Galega, A Coruña, nº 21, 1º Semestre 2000, pp. 67-102.

TARRÍO VARELA, A.: *Literatura Galega. Aportación a unha Historia crítica*, Ed. Xerais, Vigo, 1994.

TATO FONTAÍÑA, Laura: *Teatro e Nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Eds. Laivento, Santiago, 1995.

TÉMPORA (COLECTIVO UNIVERSITARIO): "A sementeira de Antón Villar Ponte", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 15.5.1977. Suplemento "Los Domingos de la Voz".

TOBÍO FERNÁNDEZ, L.: "Lembranza de Antón", *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 28.2.1986.

UN-DO-CHÁN (pseud. de MONTERROSO DEVESA, X.-M^a): "Antón Vilar Ponte. Xornalista, emigrante e adiantado do galeguismo", *El Ideal Gallego*, A Coruña, 17.5.1977, pp. 22-23.

VARELA PUNHAL, R.: "Relaçons Galiza-Portugal em Antom Vilar Ponte", *Agália*, Ourense, nº 38, verao 1994, pp. 163-177.

VÁZQUEZ SOUZA, E.: "Notas de contexto a unha peza inconclusa", en VILAR PONTE, A.: *Xuana de Vega ou 'Os Mártires'*, Eds. Laivento, Santiago, 2001, pp. 23-44.

VIEITES, M. F.: "De J. M. Synge a A. Villar Ponte. Teatro, literatura dramática e construción nacional na periferia atlántica. Anotacións pra un estudio preliminar", en *Como en Irlanda*, Xunta de Galicia-IGAEM, Col. Centro Dramático Galego, nº 12, Santiago, 1996.

VIEITES, M. F.: "Villar Ponte na literatura dramática galega", in VILLAR PONTE, A.: *A festa da malla*, edición de Noemí Pazó e Dolores Vilavedra, Ed. Xerais, Col. "Os libros do Centro Dramático Galego", nº 21, Vigo, 1997.

VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario da literatura galega. Tomo I. Autores*, Ed. Galaxia, Vigo, 1995.

VILLAR PONTE, A.: *Pensamento e Sementeira*, Eds. Galicia do Centro Galego, Buenos Aires, 1971.

VILLAR PONTE, A.: *100 artigos*, Biblioteca Gallega de La Voz de Galicia, A Coruña, 2003. Prólogo de Justo G. Beramendi.

VILLAR PONTE, A.: *Os evanxeos da risa absoluta (Anunciación do antiQuixote)*, edición de Emilio Xosé Ínsua López, Ed. A Nosa Terra-ASPG, Vigo, 1998..

VILLARES PAZ, R.: "O marco histórico de Antón Villar Ponte", *Teima. Revista Galega de Información Xeral*, nº 22, 12-19.5.1977, pp. 49-50.

VILLARES, R.: *Figuras da nación*, Ed. Xerais, Vigo, 1997.